



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 09 DE NOVEMBRO DE 2020

### ORDE DO DÍA

#### **1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2020/00000406V.**

**Aprobación de Actas de sesións anteriores. |**

Apróbanse as actas.

#### **2. LICENZAS E DISCIPLINA URBANÍSTICA. Referencia: 2020/00000165Y.**

**CONCESIÓN DE LICENZA PARA O DESPREGUE DE REDE FTTH ORANGE/JAZZTEL NA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ( A CORUÑA) FASE 2 |**

Acórdase conceder a ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS SL, licenza para realizar, conforme ao Proxecto de infraestrutura de Telecomunicacións, o despregue de rede FTTH ORANGE/JAZZTEL na cidade histórica de Santiago de Compostela. FASE 2, cun orzamento de execución de **27.303,21** euros, coas seguintes condicións:

Non se atopa inconveniente para realizar os traballos incluídos no proxecto de despregue da rede de fibra óptica en fachada, coa excepción da execución de arquetas e canalizacións soterradas que requiran de escavación (traballos que serán realizados polo Consorcio de Santiago) os cales deberán ser obxecto do correspondente proxecto de intervención arqueolóxico, e que requirirá ser informado favorablemente pola sección municipal de arqueoloxía e a Consellería de Cultura. En consecuencia, a realización de calquera traballo que implique movemento de terras ou intervención no substrato arqueolóxico non poderá ser realizado ata recibir o informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia.

A rede de dispersión, é dicir, os cables de acometida para os clientes, deberán acceder ás unidades inmobiliarias a través do portal e os elementos comúns interiores dos inmobles, non sendo autorizable o acceso a cada unha das vivendas o locais a través das ventás.. Con carácter xeral poderanse utilizar os puntos de acceso xa existentes aos portais, salvo que estes afecten negativamente a algunha moldura, cornixa ou elemento catalogado, ou recercado de pedra; nesos casos será necesario modificar o acceso ao portal executando unha nova perforación nalgunha zona da fachada onde se reduza o impacto no patrimonio.

A fin de reducir o impacto visual da instalación en fachada, as novas Caixas Ópticas Terminais (CTO) terán un acabado en cor gris (en lugar de negro coma os cables de fibra), para integrarse o mellor posible nos paramentos de granito.

O trazado dos pasos de rede soterrados deberase deseñar sempre seguindo a aliñación das lousas de granito do pavimento das rúas da cidade histórica, e de acordó co criterio de afectar ao menor número de pezas orixinais.

As tapas das novas arquetas realizaranse con lousa de granito da mesmas características que as existentes no pavimento, e co grosor necesario para garantir o tráfico de vehículos pola súa superficie.

A obra civil correspondente á execución de pasos soterrados da nova rede de distribución de fibra óptica deberá ser aproveitada para soterrar simultaneamente todos aqueles tendidos

aéreos que poidan ser suprimidos. A propiedade das novas arquetas a executar na vía pública será do Concello.

□ Tal e como se reflicte na propia memoria do proxecto de ORANGE, lémbrese que a nova rede de fibra óptica deberá ser compartida coas empresas ou operadores de telefonía interesados en ofertar os seus servizos na cidade histórica, xa que por razóns de protección do patrimonio cultural resultaría imposible autorizar unha rede independente por fachada para cada un dos operadores.

O proxecto contempla o despregue da fibra óptica en distintas rúas, como a Rúa do Vilar, Rúa Nova, Entrerrúas, Praza do Toural, Bautizados, Praza de Fonseca, Rúa do Franco, Rúa de Fonseca, Rúa Raíña, Travesa do Franco, Rúa Rodrigo de Padrón, Entrecercas, Porta Faxeira, Avenida Figueroa, Campo da Estrela, Rúa Senra, Praza de Fonterrabía, Ruela do Peso, Cantón do Toural, Rúa das Orfas, e Entremurallas.

### **3. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/30/2020.**

#### **ADJUDICACIÓN “Subministración e instalación do alumeado temporal para as celebracións de Nadal do ano 2020” (CON/30/2020)**

Acórdase adjudicar o contrato de referencia a favor da empresa Iluminaciones Santiaguesas, SL. por un importe de **255.310 euros** (211.000 euros máis 21% de IVE que ascende a 44.310 euros) ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas. O importe financiarase en dúas anualidades (214.129,81 en 2020 e 41.180,19 euros en 2021).

### **4. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: SRB/931/2020.**

#### **APROBACION CADRO DE PREZOS VIAQUA**

Apróbase o cadro de prezos para a realización de obras de acometidas e pequenas ampliacións de rede de para o ano 2021, que non sofren casi variacións respecto aos actualmente en vigor.

### **5. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2020/00000406V.**

#### **Solicitar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o outorgamento da concesión demanial sobre os terreos e instalacións da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal.**

Acórdase solicitar a citada concesión, situada na rúa Clara Campoamor.

### **6. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/8/2020.**

#### **Dar conta das resolución dos recursos do TACgal nº 177/2020 e 179/2020 á licitación Subministración, instalación e posta en funcionamento dunha serie de actuacións relacionadas coa mobilidade no marco do proxecto Smartiago, LOTE II, (CON/8/2020)**

Dase conta da desestimación dos recursos interpostos, quedando confirmado o acordo de Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela de data 18 de setembro de 2020; polo que se adjudica o lote nº 2 do citado procedemento (Instalación de sistemas para a supervisión e control de acceso guiado en zonas de aparcamento”) á empresa “Kapsch Trafficom Transportation SAU.

### **7. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2020/00000406V.**

#### **Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e COGAMI para un proxecto de actividades para persoas con discapacidade na anualidade 2020.**

Dase conta do citado convenio, por importe de **15.000 euros**, para a colaboración nun programa experimental de emprego coas seguintes actividades:

- Servizo de apoio técnico para a inclusión social a persoas e familias en situación de vulnerabilidade
- Intervencións específicas dirixidas á inserción sociolaboral e mellora da empregabilidade.
- Intervencións específicas dirixidas ao adestramento en competencias e habilidades de autonomía persoa e relación coas redes de apoio social.

**8. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2020/00000406V.**

Dación de conta do procedemento de xestión do cobro do prezo público pola prestación do servizo de comedor e madrugadores, no marco do contrato relativo ao servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela.

Dase conta do citado procedemento.

**URXENCIAS**

**9. DEPORTES. Referencia: 3458/2020.**

**Resolución da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado ano 2020.**

Apróbase a resolución e contías das subvencións para o fomento do deporte federado 2020, das que se beneficiarán 56 entidades ou clubs deportivos, por un valor total de **274.999,67** euros.

Os clubs e entidades beneficiarias son:

1. CLUBE SOCIEDADE DEPORTIVA VILLESTRO. 11.194,68 €
2. CLUBE DEPORTIVO BELVIS. 3.731,56 €
3. CLUB VICTORIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. 7.570,00 €
4. AMIO SOCIEDADE DEPORTIVA. 8.022,85 €
5. CLUB ATLÉTICO FÁTIMA: 4.011,42 €
6. SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA. 7.836,28 €
7. CLUBE DEPORTIVO RACING DE SAN LORENZO. 4.477,87 €
8. ESCOLA DEPORTIVA SANTIAGO. 585,48 €
9. SAN PEDRO FC. 2.594,08 €
10. CD CONXO. 14.926,24 €
11. ESTRELA VERMELLA. 1.399,33 €
12. AGRUPACIÓN DEPORTIVA DE BALONCESTO FONTIÑAS. 4.104,71 €
13. CLUB BALONCESTO SAN PELAYO. 373,15 €
14. FEDESA (FUND. EDUC. E DEPORTE SANTIAGO DE COMPOSTELA). 25.553,17 €
15. CLUB DEPORTIVO INMACULADA. 1.001,65 €
16. OBRADOIRO CLUB AMIGOS DEL BALONCESTO CAB. 13.060,46 €
17. CLUB DEPORTIVO SAN JOSÉ DE CLUNY SANTIAGO. 522,41 €
18. CLUB BALONCESTO INFOR-SANTIAGO. 1.678,03 €
19. CLUB AMIGOS BALONCESTO CONXO. 1.865,78 €
20. CLUB ATLETISMO FONTES DO SAR. 4.438,42 €
21. CLUB DE PATINAXE COMPOSTELA. 3.373,33 €
22. CLUB PATINAXE CAMPUS STELLAE. 3.147,33 €
23. CLUBE DEPORTIVO FONTIÑAS. 4.664,45 €
24. ARTEAL TENIS MESA. 2.824,55 €
25. CLUB CONXO TENIS DE MESA. 1.144,97 €
26. C. TRIATLÓN SANTIAGO. 5.130,89 €
27. CLUB TRIATLON COMPOSTELA. 3.529,35 €
28. CLUB DE HOCKEY COMPOSTELA. 7.570,49 €
29. CLUB DE HOCKEY RAXOI. 4.421,61 €
30. CLUB DEP XIMNASIA RÍTMICA COMPOSTELA. 6.954,69 €
31. CLUB XIMNASIA RÍTMICA VIRAVOLTA. 4.686,60 €
32. CLUB DEPORTIVO DE NATACIÓN CIUDAD DE SANTIAGO. 4.651,27 €
33. CLUB WATERPOLO SANTIAGO. 6.349,65 €
34. CLUB BALONMÁN RIBADOSAR. 3.046,58 €
35. CLUB VOLEIBOL SANTIAGO. 3.265,11 €
36. CLUB COLOMBÓFILO ALAS COMPOSTELANAS. 1.388,25 €
37. SANTIAGO RUGBY CLUB. 6.993,71 €
38. CLUB LOITA STELLAE. 839,60 €
39. COMPOSTELA JUDO CLUB. 9.184,30 €
40. CLUB BTT ULTREIA. 1.842,45 €
41. SANTIAGO FUTSAL. 2.549,49 €

42. CD BLACK RAVENS FA. 4.165,35 €
  43. CLUB LA ALGALIA .1.119,46 €
  44. CLUB VILAS ALBORADA-JUDO. 2.626,78 €
  45. ALTO DO VENTO FÚTBOL SALA. 2.851,84 €
  46. BUSHI-KAI SANTIAGO. 2.877,26 €
  47. CLUB CICLISTA COMPOSTELANO. 2.664,24 €
  48. COMPOSTELA ESGRIMA. 2.269,25 €
  49. SOCIEDAD DEPORTIVA COMPOSTELA ATLETISMO. 1.772,49 €
  50. AGRUPACIÓN DEPORTIVA MANUEL PELETEIRO. 8.396,01 €
  51. ASOC. DE CANS DEPORTISTAS. 2.539,79 €
  52. DIVER PATIN CLUB DEPORTIVO. 9.696,69 €
  53. NOITEBRA FC. 3.318,54 €
  54. CLUB DEPORTIVO COMPAÑÍA DE MARÍA DE SANTIAGO. 10.854,74 €
  55. CLUB DEPORTIVO SAN JUAN BAUTISTA DE LA SALLE. 5.261,50 €
  56. CLUB DE FÚTBOL VISTA ALEGRE. 8.079,49 €
- TOTAL 274.999,67 euros.**

**10. CULTURA E FESTAS. Referencia: Subvencions sector profesional 2020.  
Concesion de Subvención sector profesional 2020.**

Apróbase a resolución e contías das subvencións de apoio á actividade cultural desenvolvida polo sector profesional. Das 19 solicitudes presentadas exclúense oito por non cumpriren os requisitos da convocatoria, e concédese a subvención a once entidades culturais, por un valor total de **85.208,8 euros**. O importe máximo da subvención, segundo as bases, era do 80% do orzamento da actividade cun límite máximo de 15.000 euros por entidade. As entidades beneficiarias son:

- Beatriz Viñal González 1.748,8
- Noente Paradise SL 9.000
- A Xanela do Maxín SL 11.250
- I-Radia Crea SL 1.500
- Matilde Rodríguez Domínguez 7.500
- Pista catro Produtora de soños SL 7.760
- Danga Danga Audiovisuais SLNE 3.750
- Nordesía producións SL 12.000
- Rafael Rey Domech 7.500
- Títeres Cachirulo SL 11.600
- Tamboura Films SLU 11.600

**11. DEPORTES. Referencia: 3462/2020.**

**Ampliación do prazo de xustificación das subvencións destinadas ao fomento do deporte federado ano 2020.**

Apróbase a modificación do prazo de xustificación establecido nas bases da convocatoria de subvencións para o fomento do deporte federado ano 2020, definindo como **nova data límite de xustificación o 25 de novembro de 2020**.

**12. Proposta relativa á liberación de crédito remanente tras a resolución da convocatoria de “Axudas para a mellora e innovación do comercio local. Anualidade 2020”.** Acórdase liberar os créditos remanentes que se indican a continuación, procedentes da resolución da convocatoria de axudas do programa “Coidar para mellorar”, **por un total de 49.982,02 euros**. Son:

- Un crédito remanente por importe de 38.448,24 euros na aplicación orzamentaria 010 43100 7700000

- Un crédito remanente por importe de 11.342,91 euros na aplicación orzamentaria 010 43100 4790100
- Un crédito remanente por importe de 190,87 euros na aplicación orzamentaria 080 33402 479000